

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 5109** *Real decreto 285/2014, do 25 de abril, polo que se modifica o Real decreto 335/2010, do 19 de marzo, polo que se regula o dereito a efectuar declaracións na alfándega e a figura do representante alfandegueiro e o Real decreto 1363/2010, do 29 de outubro, polo que se regulan supostos de notificacións e comunicacións administrativas obrigatorias por medios electrónicos no ámbito da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

O Real decreto 335/2010, do 19 de marzo, polo que se regula o dereito a efectuar declaracións na alfándega e a figura do representante alfandegueiro, foi obxecto de catro recursos perante o Tribunal Supremo por diversas asociacións de transitarios, expedidores internacionais e asimilados, pola Federación Española de Transitarios, Expedidores Internacionais e Asimilados e polo Consello Xeral dos colexios de axentes de alfándegas e comisionistas de alfándegas.

Dos catro procedementos, en tres ditáronse sentenzas en que se estimaban parcialmente os recursos (sentenzas do 28 de novembro de 2011, do 22 de marzo e do 4 de xuño de 2012). Nestas, procedíase á anulación do termo «física» (dentro da expresión «persoa física») que inclúe o artigo 4.1.a) do Real decreto 335/2010, do 19 de marzo.

Segundo os fundamentos de dereito da primeira das sentenzas citadas, cuxo contido é ratificado nas dúas seguintes, o Tribunal Supremo entende que a exigencia regulamentaria da necesidade de acreditar unha aptitude ou un coñecemento para ser representante alfandegueiro non se opón ao dereito da Unión Europea ou ao dereito español nesta materia. O Tribunal Supremo simplemente indica na sentenza que tal requisito non pode constituír unha limitación para o acceso a esta actividade por parte das persoas xurídicas. Neste sentido, o último parágrafo do fundamento de dereito terceiro indica: «Abondaría, para adquirir ou demostrar aquela aptitude, que se lles exixisen as correspondentes probas aos administradores das sociedades ou aos axentes ou empregados das persoas xurídicas que estas designen para levar a cabo as súas relacións coa alfándega cando pretendan exercer a representación dos seus clientes». A incorporación ao real decreto dalgunha das fórmulas indicadas, segundo o seu fundamento xurídico sexto, exixiría algunha modificación do artigo 4 do real decreto impugnado, modificación que debe ser realizada a través das «facultades normativas en mans do Goberno e da Administración xeral do Estado» e non no ámbito xurisdiccional.

Seguindo as indicacións das sentenzas mencionadas, incorpórase unha nova letra no artigo 4.2, cuxo texto establece que se considera acreditada a aptitude ou o coñecemento no caso dunha persoa xurídica cando o seu representante legal ou o seu representante voluntario ante a alfándega teñan a condición de representante alfandegueiro. No segundo caso exíxese unha relación laboral estable coa persoa xurídica co fin de evitar posibles abusos de dereito, como o de converter a actividade de representación nunha mera actividade de alugamento ou arrendamento de «título».

Como consecuencia de suprimir a condición de persoa física, considérase que toda persoa xurídica que estivese habilitada para presentar declaracións por conta de terceiros con anterioridade á entrada en vigor do novo marco xurídico cumpre coa condición de acreditación da aptitude para presentar declaracións ante a alfándega. Non obstante, débese prever a súa adaptación ao novo marco xurídico establecendo que, cando se substitúa ou modifique a súa condición ou se substitúan os seus representantes legais ou voluntarios acreditados ante a alfándega, as novas persoas físicas que teñan tal condición deberán cumprir co requisito exigible a toda persoa xurídica para ser representante alfandegueiro. En todo caso, esta adaptación deberase cumprir antes do 1 de xaneiro de 2020.

Por outra parte, o Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o código alfandegueiro comunitario (código alfandegueiro modernizado), que constituíu un dos fundamentos de modificación da regulación no noso dereito positivo da figura do representante alfandegueiro, foi derrogado polo Regulamento (UE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de outubro de 2013, polo que se establece o código alfandegueiro da Unión (código alfandegueiro refundido), que inclúe unha modificación na regulación prevista no regulamento derrogado en relación co lugar en que debe estar establecido o representante alfandegueiro, e prevé no seu artigo 18.2 que non é necesario que o representante alfandegueiro estea establecido no territorio alfandegueiro da Unión en determinados supostos, sen prexuízo de que o seu acceso á actividade de representante alfandegueiro estea suxeita ás mesmas condicións exixidas ás persoas establecidas no territorio alfandegueiro da Unión. Polo tanto, precísase unha modificación do Real decreto 335/2010, do 19 de marzo, para adaptalo ao dereito da Unión.

A aplicación do Real decreto 335/2010, do 19 de marzo, en relación coa previsión relativa aos operadores económicos autorizados, e á vista de que o artigo 39.d) do citado Regulamento (UE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de outubro de 2013, que exige cualificación profesional en relación coa actividade que exerce, fai necesaria a substitución do procedemento de inscrición de oficio no Rexistro de representantes alfandegueiros polo de solicitude.

Tamén se incorporan algunhas modificacións técnicas, entre outras, unha maior especificación da formación mínima que se debe acreditar para acceder á condición de representante alfandegueiro, incluíndo, de forma expresa, materias que subxacen no dereito alfandegueiro, como é a regulación básica dos contratos de compravenda e de transporte internacional de mercadorías e as regras relativas aos pagamentos internacionais, que as probas se convoquen cunha periodicidade, cando menos, bienal e a posibilidade de eximir total ou parcialmente da proba as persoas que acrediten os estudos ou títulos que en cada convocatoria se establezan. Ademais, incorpórase, de forma expresa, a previsión das consecuencias dun incumprimento dos requisitos exixidos para actuar como representante alfandegueiro, que consistirá na baixa do Rexistro de representantes alfandegueiros, logo de audiencia do interesado.

Coa mesma finalidade, modifícanse as disposicións adicionais primeira e segunda, incorporando, de forma expresa, a forma de prestación de garantías no suposto de representación alfandegueira na modalidade de representación directa. Así, no punto 2 da disposición adicional segunda, no suposto de que o representante presente unha garantía, esta deberá especificar que a entidade garante responderá solidariamente co debedor da débeda alfandegueira e co suxeito pasivo para o resto de tributos exixibles.

Por último, aínda que máis do 99% das declaracións alfandegueiras se presentan por medios electrónicos, considérase que os representantes alfandegueiros, no desenvolvemento da súa actividade de representación, se deberán relacionar coa Administración a través de medios electrónicos de forma exclusiva. Esta obriga está xa establecida para determinados tipos de declaracións alfandegueiras, como son a de exportación e de tránsito, polo Regulamento (CE) n.º 1875/2006 da Comisión, do 18 de decembro de 2006, polo que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 2454/93, polo que se fixan determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 2913/92 do Consello, polo que se establece o Código Alfandegueiro Comunitario, fundamentándose para o resto das comunicacións no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, xa que neste caso se cumpren as condicións previstas no indicado precepto, porque os representantes alfandegueiros, para o desenvolvemento da súa actividade, deberán contar coa necesaria capacidade económica e capacitación profesional que asegura o acceso e a dispoñibilidade de medios tecnolóxicos necesarios para o desenvolvemento da actividade de representación.

Neste mesmo ámbito, como o sistema de declaración por vía electrónica para as declaracións alfandegueiras foi modificado, suprimíndose a obriga de solicitar a aplicación do denominado sistema EDI, faise necesario modificar o artigo 4.2.e) do Real

decreto 1363/2010, do 29 de outubro, polo que se regulan supostos de notificacións e comunicacións administrativas obrigatorias por medios electrónicos no ámbito da Axencia Estatal de Administración Tributaria, co fin de incluír neste todo representante alfandegueiro e calquera persoa que presente declaracións alfandegueiras por vía electrónica.

Este real decreto dítase en razón do disposto no artigo 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre o réxime alfandegueiro e arancelario.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, oído o Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de abril de 2014,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 335/2010, do 19 de marzo, polo que se regula o dereito a efectuar declaracións na alfándega e a figura do representante alfandegueiro.*

O Real decreto 335/2010, do 19 de marzo, polo que se regula o dereito a efectuar declaracións na alfándega e a figura do representante alfandegueiro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 4, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 4. *Condición de representante alfandegueiro.*

1. Serán representantes alfandegueiros e poderán actuar en nome e por conta allea ou en nome propio e por conta allea as persoas físicas ou xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar establecidas, segundo a lexislación alfandegueira da Unión Europea, en España ou no territorio de calquera outro Estado membro daquela ou, nos supostos que se prevexan na citada lexislación, en países terceiros.

b) Acreditar a capacitación necesaria para o desenvolvemento da actividade de representante alfandegueiro.

c) Estar inscrito no Rexistro de Representantes Alfandegueiros do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. A acreditación da capacitación realizarase:

a) No suposto de persoas físicas, mediante a superación das probas de aptitude que serán convocadas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria sobre cuestións relativas á normativa básica tributaria e alfandegueira no ámbito do comercio exterior de mercadorías, dos impostos especiais, da regulación do contrabando, do réxime económico e fiscal de Canarias e réximes especiais de Ceuta e Melilla, e da regulación básica dos contratos de compravenda e de transporte internacional de mercadorías e as regras relativas aos pagamentos internacionais. As probas convocaranse ao menos cunha periodicidade bienal.

Considéranse, para estes efectos, eximidas de cumprir este requisito:

1.º As persoas físicas que teñan a consideración de axentes e comisionistas de alfándegas.

2.º As persoas físicas que no momento da entrada en vigor deste real decreto se encontran habilitadas polo Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria para presentar declaracións na alfándega en nome propio e por conta allea.

3.º As persoas físicas que durante tres anos, anteriores á entrada en vigor deste real decreto, asinasen, con regularidade, declaracións como apoderados e mantivesen unha relación laboral con persoas ou entidades habilitadas polo Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria para a presentación de declaracións na alfándega.

4.º Na súa totalidade ou de forma parcial, as persoas que acrediten os coñecementos indicados no punto 2.a) deste artigo cos títulos ou estudos que se determinen en cada convocatoria.

b) No suposto de persoas xurídicas, o requisito da capacitación considerárase acreditado cando, durante todo o tempo en que desenvolvan a actividade de representante alfandegueiro, concorra algunha das circunstancias seguintes:

1.º Que ao menos un dos seus representantes legais sexa unha persoa física que teña a condición de representante alfandegueiro.

2.º Que para a súa representación ante a alfándega para estes efectos apoderase, ao menos, unha persoa física que teña a condición de representante alfandegueiro. Estes apoderados estarán vinculados á persoa xurídica a través dun contrato laboral indefinido e non poderán ser representantes legais ou voluntarios doutros representantes alfandegueiros, nin prestar servizos de representación alfandegueira como persoa física mentres estean vinculados á persoa xurídica.

3. Cando así o soliciten, terán a condición de representante alfandegueiro aqueles que estean legalmente establecidos en calquera outro Estado membro da Unión Europea e que cumpran cos criterios previstos no artigo 39, letras a) a d), do Regulamento (UE) n.º 952/2013, do 9 de outubro de 2013, polo que se establece o código alfandegueiro da Unión (código alfandegueiro refundido).

4. Cando así o soliciten, terán a condición de representante alfandegueiro os operadores económicos que obtivesen o estatus de operador económico autorizado definido no artigo 38.2.a) do Regulamento (UE) n.º 952/2013, do 9 de outubro de 2013, mentres teñan a dita condición e na medida en que se poidan acoller ás simplificacións establecidas na normativa alfandegueira, con independencia do Estado membro en que estean establecidos.

5. A inscrición no Rexistro de Representantes Alfandegueiros efectuarase de oficio, salvo nos supostos seguintes, en que deberá ser solicitada polo interesado ante o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria:

a) O recollido no punto 2.a).3.º. Xunto coa solicitude achegaranse as probas xustificativas do cumprimento das condicións previstas nos ditos números.

b) As persoas xurídicas. Na solicitude deberanse identificar o representante legal e as persoas físicas que teñan a condición de representante alfandegueiro e que teñan o poder de representación ante a alfándega.

c) Os representantes alfandegueiros acreditados noutro Estado membro da Unión Europea. A solicitude consistirá nunha declaración responsable ante o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, que inclúa os datos que identifiquen que están establecidos legalmente nun Estado membro da Unión Europea para exercer as ditas actividades, que cumpren coas condicións previstas do artigo 39, nas letras a) a d), do Regulamento (UE) n.º 952/2013, do 9 de outubro de 2013, e unha manifestación da inexistencia de prohibición ningunha, no momento da súa presentación, que lles impida exercer a actividade no Estado membro en que estean establecidos no momento da solicitude de inscrición.

d) Os operadores económicos autorizados previstos no número 4 deste artigo. Na solicitude deberase identificar o acto polo que se lles recoñece esta condición.

6. Toda modificación con transcendencia na representación ante a alfándega que afecta as persoas físicas ou xurídicas mencionadas nos puntos anteriores deberá ser comunicada ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria nas condicións que se determinen.

7. O representante alfandegueiro presentará as declaracións e os documentos exixidos para o despacho alfandegueiro por vía electrónica nas condicións que determine a Axencia Estatal de Administración Tributaria. Para estes efectos utilizarase a sinatura electrónica do representante alfandegueiro declarante.

8. O incumprimento de calquera das condicións e obrigas previstas neste artigo implicará a baixa no Rexistro de Representantes Alfandegueiros, logo do correspondente expediente administrativo en que se dará audiencia ao interesado.

A baixa no rexistro dun representante alfandegueiro producirá efectos desde a data de notificación do acordo, pero non afectará as obrigas alfandegueiras e tributarias que poden derivar das declaracións alfandegueiras presentadas por el no exercicio desta actividade.»

Dous. Modifícase a disposición adicional primeira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional primeira. *Afianzamento da débeda alfandegueira e fiscal no caso de presentación de declaracións en nome propio e por conta propia.*

1. Cando, por razón da normativa de aplicación, sexa exixible a constitución dunha garantía con obxecto de afianzar o pagamento dunha débeda alfandegueira e fiscal, a dita garantía deberá ser prestada, na súa condición de debedor, pola persoa física ou xurídica que efectúa a declaración de alfándega no seu propio nome e por conta propia.

2. Por petición do declarante, as autoridades alfandegueiras permitirán que se constitúa unha garantía global para cubrir varias operacións que dean lugar ou que poidan dar lugar a unha débeda alfandegueira e fiscal.

3. No caso de que a garantía se constitúa mediante aval, fianza ou certificado de seguro de caución, o avalista, fiador ou asegurador deberase comprometer expresamente e por escrito a pagar solidariamente co declarante o importe garantido da débeda alfandegueira e fiscal cuxo pagamento se faga exixible. O dito fiador, en todo caso, deberá ter a condición de entidade de crédito, entidade de seguros, sociedade de garantía recíproca e estar establecida no territorio da Unión Europea.»

Tres. Modifícase a disposición adicional segunda, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional segunda. *Afianzamento da débeda alfandegueira e fiscal no caso de presentación de declaracións por medio de representante.*

1. Cando, por razón da normativa de aplicación, sexa exixible a constitución dunha garantía co obxecto de afianzar o pagamento dunha débeda alfandegueira ou fiscal, a dita garantía para a débeda alfandegueira deberá prestala o debedor e, para a débeda fiscal, o suxeito pasivo dos tributos exixibles.

2. A garantía tamén a poderá constituír, por todos os conceptos recollidos no punto anterior, o representante alfandegueiro que presente a declaración, calquera que sexa a modalidade de representación.

3. Cando a garantía se constitúa mediante aval, fianza ou certificado de seguro de caución, o avalista, fiador ou asegurador deberase comprometer expresamente e por escrito a satisfacer, con carácter solidario, o importe da débeda alfandegueira, da débeda tributaria ou de ambas, para o suposto de que o debedor ou suxeito pasivo non efectúe o pagamento.

O fiador deberá ter a condición de entidade de crédito, entidade de seguros ou sociedade de garantía recíproca e estar establecido no territorio da Unión Europea.

4. Por petición do declarante ou do representante alfandegueiro, as autoridades alfandegueiras permitirán que se constitúa unha garantía global para cubrir varias operacións ou declaracións alfandegueiras que poidan dar lugar ao nacemento dunha débeda alfandegueira, tributaria ou a ambas.»

Catro. Introdúcese unha disposición transitoria única, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria única. *Persoas xurídicas habilitadas para presentar declaracións alfandegueiras por conta dun terceiro en aplicación do Real decreto 1889/1999, do 13 de decembro, polo que se regula o dereito a efectuar declaracións de alfándega.*

1 As persoas xurídicas que estaban habilitadas para presentar declaracións por conta de terceiros en aplicación do Real decreto 1889/1999, do 13 de decembro, polo que se regula o dereito a efectuar declaracións de alfándega, e demais disposicións derogadas por este real decreto, considerárase que cumpren coa condición de capacitación. Estas persoas terán a consideración de representante alfandegueiro e serán inscritas de oficio no Rexistro de Representantes Alfandegueiros.

2. Cando as persoas a que se refire o parágrafo anterior procedan á renovación dos seus representantes legais ou designen novos apoderados voluntarios, deberase dar cumprimento ao previsto no artigo 4.2.b). Tamén deberán cumprir con tal requisito cando se produza a transformación, fusión ou escisión da entidade, respecto de cada unha das persoas xurídicas subsistentes ou de nova creación que queiran manter a súa condición de representante alfandegueiro.

3. Deberanse comunicar ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais os cambios na representación legal e voluntaria, identificando persoas físicas nomeadas e que teñen a condición de representante alfandegueiro.

4. En todo caso, deberase cumprir coa condición prevista no artigo 4.2.b) o 1 de xaneiro de 2020. Procederáse á baixa no Rexistro de Representantes Alfandegueiros das persoas xurídicas que non cumpran con tal condición, logo de audiencia do interesado.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 1363/2010, do 29 de outubro, polo que se regulan supostos de notificacións e comunicacións administrativas obrigatorias por medios electrónicos no ámbito da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Modifícase o artigo 4.2.e) do Real decreto 1363/2010, do 29 de outubro, polo que se regulan supostos de notificacións e comunicacións administrativas obrigatorias por medios electrónicos no ámbito da Axencia Estatal de Administración Tributaria, que queda redactado da seguinte forma:

«e) Aquelas que teñan a condición de representantes alfandegueiros segundo o disposto no Real decreto 335/2010, do 19 de marzo, polo que se regula o dereito a efectuar declaracións na alfándega e a figura do representante alfandegueiro, ou presenten declaracións alfandegueiras por vía electrónica.»

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase en razón do disposto no artigo 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre o réxime alfandegueiro e arancelario.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de abril de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO